

PREGUNTA DE AER SOBRE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS DE MOBILIDADE REDUCIDA

PLENO 29 ABRIL 2013. ACTA 9/2013

Somos conscientes do importante traballo que está a desenvolver o concelleiro de Urbanismo e o escaso tempo que lle queda para resolver estas pequenas cuestións, pero tamén somos conscientes das dificultades que determinadas asociacións teñen para desempeñar o seu labor. O Racing Club de Chapela solicitou unha tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, tarxeta necesaria para a súa actividade diaria. Pensamos que o concelleiro debería deixar de traballar uns minutos no aparcadoiro, que xa ten árbores, e resolva esta cuestión que tampouco lle vai levar tanto tempo e preguntamos:

Canto tempo máis vai precisar o Sr. concelleiro ou o alcalde para darlle resposta a esta demanda? (Téñase en conta que tal e como consta na documentación foi presentada en outubro de 2012. ¡Hai 7 meses!) Cantos máis necesitan?

O concelleiro Sr. González Barbeiro responde que non necesita ningún mes máis, senón só días e que dende o venres está co asunto para resolvelo.